

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintedous de febreiro de dous mil dezaseis; as once e cuarto do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaseis de febreiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

**OUTORGAMENTO DE AMPLIACION DE PRAZO PARA EXECUCIÓN DE OBRAS
RIB/C/02.2/13. -**

Visto o escrito presentado por **Dona Aurora Gil López**, con domicilio na Hermida nº 2ºB, Castrelo de Miño, onde solicita ampliación do prazo para a execución da obra sita na estrada Vella N-120, nº 77, San Paio, para a cal obtivo licencia pola Xunta de Goberno Local de data 8 de abril de 2013.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de febreiro de 2016 no que se conclue o seguinte:

“Informar favorablemente a solicitude de prórroga de tres anos para a execución das obras descritas no proxecto.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1.- Conceder ampliación do prazo de remate (3) anos para execución das obras para vivenda unifamiliar sita na estrada vella N-120, Nº 77, San Paio, a contar dende o día seguinte ó de notificación do presente acordo.

2.- Manter as mesmas condicións fixadas no acordo de concesión da licencia outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 08.04.2013.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI.-



“Visto o escrito de **Don Francisco Pérez González**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 56, 1º Izda, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 3362-FLG adscrito á licencia de autotaxi nº9 por outro novo (Volkswagen Passat), matrícula 0200-JLW, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licencia nº9 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 0200-JLW, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 3362-FLG, polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Dirección Xeral de Mobilidade, sobre adxudicación do contrato V-7078;XG-452, a empresa Anpian S.A.
- Da Deputación Provincial, Decreto de data 12.02.2016 relativa subvención concedida para programa "Móvete-multiactividad".

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M. -

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2016 por importe de 227.560,51 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 30 de Abril de 2016.”

CONSTITUCION DE AGRUPACION.-

O abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección no exercicio 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade presta aprobación a constitución dunha agrupación de Concellos na que estarán integrados o Concello de Ribadavia, Castrelo de Miño e Carballeda de Avia.

ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS OBRADOIROS DE EMPREGO DENTRO DOS PROGRAMAS MIXTOS DE EMPREGO E FORMACION DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA.-

“Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOGA nº 248 de 30 de decembro de 2015.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención e prestar aprobación o proxecto solicitado, dando traslado do mesmo a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Segundo.- Solicitar a devandita subvención de forma conxunta co Concello de Carballeda de Avia e Castrelo de Miño.

Terceiro.- O número de alumnos que se solicitan para os diferentes módulos son os seguinte:

Módulo de xardiñería: 15 alumnos.

Módulo de Axuda no fogar: 10 alumnos.

Cuarto.- O Concello de Ribadavia, exercerá como representante ou entidade promotora da agrupación.

Quinto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde".

Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.-

"Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia publicada no DOGA nº 248 de 30 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención e prestar aprobación o proxecto solicitado, dando traslado do mesmo a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Segundo.- Solicitar a devandita subvención de forma conxunta co Concello de Carballeda de Avia e Castrelo de Miño.

Terceiro.- O Concello de Ribadavia, exercerá como representante ou entidade promotora da agrupación.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Orde".

EXPOSICION PUBLICA ALEGACIONES AO PLANO XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.-

O Plano Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadavia foi aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello con data 30.10.2008. Dita aprobación foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 224 de data 18 de novembro de 2008 e no diario Faro de

Vigo de data 14 de novembro de 2008 e diario La Voz de Galicia de data 13 de novembro de 2008, co obxecto de que os interesados puideran presentar as alegacións que estimasen convintes co resultado que consta no expediente.

Ditas alegacións foron informadas polo Equipo Redactor do planeamento e polos Servizos Técnicos Municipais, co resultado que consta no expediente.

Co fin de que en vista do estado de tramitación do expediente e co obxecto e garantir a seguridade xurídica dos afectados, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda abrir un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio nun diario de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, para que os interesados poidan consultar os informes e respostas as alegacións presentadas.

O expediente poderá consultarse na Oficina Técnica do Concello, sita na Praza Maior nº 4, planta 2º, en horario laboral das 8:30 ás 14:30 horas, de luns a venres.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.